

«Vigo e A Coruña son a mesma cidade»

De volta ás aulas e tras 24 anos editando libros, advirte que o galego «está en situación de emerxencia»

CARLOS PUNZÓN
VIGO / LA VOZ

Manuel Bragado é coma unha árbore, como esas que xa bota en falta na súa Gran Vía de Vigo sentenciadas pola serra. Os aneis que marcan a idade no seu tronco son os centos de libros que lle rodean por toda a casa, e as súas ramas a pedagogía, a literatura, o ensino, o nacionalismo, o galego, as viaxes, o pacifismo, os faladoiros, o fútbol, o Celta, Vigo. Manolo, como se refrease a si mesmo, afunde as súas raíces no Pirulí, onde naceu hai sesenta anos. «Miña nai non deu a luz na casa porque eu viña revirado». Ela era unha dependenta da zapatería de Abdón Cruces da Porta do Sol viguesa. O seu pai, un viaxante de comercio de paquetería e téxtil, fillo dun emigrante zamorano de Malva que chegou a Galicia en 1919.

As letras comezaron a caer por decantación na súa cabeza na escola de dona Angustias, en Pi i Margall, «pero quen me educou de verdade foi o meu avó materno, Suso Veleiro, un ebanista que fixo moitas veces de vernizador a domicilio e levábame con el no tranvía, no Vitrasa ou nos autobuses dos rusos», fai memoria Bragado lembrándose tamén de xornadas de reparación das butacas de cines como o Dísol, Roxy ou o Palermo.

Vigüés militante como é, a Bragado deixoulle unha pegada para toda a vida a etapa que experimentou na Universidade Laboral de A Coruña onde foi a cursar quinto, sexto e COU. «Téñolle moita lealdade a cidade, porque ademais penso que Vigo e A Coruña son a mesma cidade, forman un referente atlántico único, tamén culturalmente, en compoñente lingüístico e na forma de ser das clases populares e tra-



Manuel Bragado ante Os Redeiros da Gran Vía, un símbolo que non entende por que hai que mover. XOÁN C. GIL

balladoras. As elites, en cambio, son algo distintas».

Acostumado tamén a ver o mundo dende a óptica empresarial que lle deu liderar a Editorial Xerais durante 24 anos, Manuel Bragado ten dúbidas de que Vigo poida manter o liderado económico de Galicia na primeira metade de século fronte a unha Coruña que, cre, agrupa de xeito máis decidido o papel metropolitano na súa contorna. «Vigo non está asumir ese liderado e iso impídelle manter o liderado de Galicia».

Na súa etapa coruñesa na Laboral Manuel Bragado descubriu o nacionalismo, a formación galeguista da man do educador Antón Lamapereira, e o galego, con Mari Carmen Panero. «Alí fun ao meu primeiro curso de galego xunto a outros que logo foron famosos como Antón Reixa, o Grupo Rompente, o mestre Henrique Del Bosque, o Nieto Pereira», cita dando mostra dunha me-

moria de moitas xigabytes para os nomes e apelidos que teñen pasado pola súa vida. «Aquele foi a xeración que chamamos do Polycommander (un petroleiro noruegués que encallou e ardeu preto das Cies en 1970). Rapaces de 16 e 17 anos fascinados pola expresión do nacionalismo». Militou primeiro en ERGA (Estudiantes Revolucionarios Galegos impulsada pola UPG). «Pero fun depurado. A verdade é que non me identifiquei nunca coas organizacións políticas dogmáticas». O seu nacionalismo tiña outro verniz que safu á luz en 1980 coa fundación de Esquerda Galega encabezada por Camilo Nogueira. «É para min un referente humano e político». Desde a fin da súa relación con EG, en 1982, Bragado non ten volta a militar en partido algún, quedou orfo de siglas.

Chegou a mili, en Madrid. Con un fusil na man facendo garda no



Co avó Veleiro. Moitos paseos deu Manuel Bragado de neno co que considera o seu principal educador, o avó materno Suso Veleiro, un ebanista e vernizador a domicilio que tamén reparaba as butacas de cines vigueses como o Dísol, Roxy ou Palermo. O neno Bragado acompañáballe nesas incursións.

DE ONDE VÉN

Cal foi o seu primeiro traballo?

Na Academia Vivas, na rúa do Príncipe de Vigo en 1982, despois da mili e durante menos dun ano. Paseino moi mal. Non aguantaba o seu sistema educativo.

De que viaxe garda o mellor recordo?

Un que fixemos a Brasil no 2004 a ver a uns familiares. Estivemos un mes e cruzamos o país en coche. Foi moi interesante.

CIR Colmenar Viejo asistiu á primeira vitoria de Felipe González. «Foi un momento de esperanza. E alí en Madrid, en plena Movida, coñeceu a unha das figuras máis relevantes da súa vida cultural, o xa desaparecido Xesús Jares, impulsor con Bragado da Nova Escola Galega, da paz como obxectivo educativo, doutra mirada nas aulas.

En 1982 a academia Vivas deulle a oportunidade de poñerse diante dos pupitres, como profesor de Lingua Española. «Pero o método educativo de Remedios Vivas, que non aguantaba, empuxoume a probar cunhas oposicións en preescolar que aprobei». Tras unha paréntese de case un cuarto de século como editor, Bragado volta ás aulas, as dos CEIP Laredo e Cedeira de Redondela como orientador. «Estou encantado, non dou feito», di satisfeito de retornar ao punto de partida: a pedagogía. Nese ámbito fai unha advertencia: «O galego está en situación de emerxencia. Feijoo ten imposto un galeguismo sen galego. Estamos fracasando co idioma e incumprindo a lei».

Un pesar semellante, aínda que máis festivo, o invade ao falar do Celta, un equipo que considera doutro tempo, dun fútbol máis preciosista, como cando se ía a Balaídos ou a Riazor a gozar como espectadores, en lugar de ser atrezzo televisivo.

VIASKIY

COMPAÑÍA NACIONAL DE DANZA
Nº 1 EN EL MUNDO

Director: MIROSLAV VANTUJ

70 artistas

Jueves 26 de diciembre • 20.30 h
AUDITORIO SEDE AFUNDACIÓN
Pontevedra

Compra tu entrada en
Ataquilla.com

www.lgartistmanagement.com